Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria aos concellos de Cedeira, Cerdido, Mañón, Ortigueira e Cariño no ano 2015

- 36281 - 11908 (10/PRE-001708)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria ao Concello de Ferrol no ano 2015

- 36280 - 11950 (10/PRE-001722)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria aos concellos de Vilanova de Arousa, Vilagarcía de Arousa, A Illa de Arousa, Catoira, Meis, Meaño, Cambados, Ribadumia, O Grove e Sanxenxo no ano 2015

- 36604 - 11969 (10/PRE-001740)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria aos concellos de Valga, Pontecesures, A Estrada, Cuntis, Barro, Caldas de Reis e Moraña no ano 2015

- 36603 - 12017 (10/PRE-001765)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e Pierres López, María Luisa

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria ao Concello de Pontevedra no ano 2015

- 36279 - 12037 (10/PRE-001785)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria aos concellos da Cañiza, Arbo, As Neves, Covelo, Crecente, Mondariz-Balneario, Pontearreas e Salvaterra de Miño no ano 2015

- 36278 - 12055 (10/PRE-001803)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria aos concellos da Lama, Cerdedo-Cotobade, Forcarei, Fornelos de Montes, Poio, Ponte Caldelas e Soutomaio no ano 2015

- 36277 - 12084 (10/PRE-001826)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria aos concellos de Agolada, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces no ano 2015

- 36276 - 12105 (10/PRE-001844)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria aos concellos de Bueu, Cangas, Marín, Moaña e Vilaboia no ano 2015

- 36602 - 12129 (10/PRE-001866)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio aos concellos de Cambre, Culleredo, Oleiros e Sada no ano 2015

- 36601 - 12145 (10/PRE-001882)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria aos concellos de Abegondo, Aranga, Bergondo, Betanzos, Oza-Cesuras, Coirós, Curtis, Irixoa, Monfero, Paderne e Vilarmaio no ano 2015

- 36600 - 12163 (10/PRE-001900)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria ao Concello da Coruña no ano 2015

- 36599 - 12227 (10/PRE-001947)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria aos concellos da Guarda, Oia, O Porriño, O Rosal, Salceda de Caselas, Tomiño e Tui no ano 2015

- 36598 - 12245 (10/PRE-001965)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria aos concellos da Fonsagrada, As Nogais, Baleira, Berceira, Cervantes, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, Pedrafita do Cebreiro, Ribeira de Piquín e Triacastela no ano 2015

- 36597 - 12257 (10/PRE-001977)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria ao Concello de Vigo no ano 2015

- 36596 - 12283 (10/PRE-002003)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria aos concellos de Baiona, Gondomar, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén e Redondela no ano 2015

- 36595 - 12314 (10/PRE-002031)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria aos concellos de Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, A Laracha, Laxe, Malpica e Ponteceso no ano 2015

- 36594 - 12391 (10/PRE-002052)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria aos concellos de Baltar, Os Blancos, Xinzo de Limia, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras e Vilar de Barrio no ano 2015

- 36593 - 12409 (10/PRE-002071)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria aos concellos de Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios, Muíños e Verea no ano 2015

- 36592 - 12427 (10/PRE-002089)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria aos concellos de Castro Caldelas, Montederramo, Parada de Sil, A Teixeira e Vilariño de Conso no ano 2015

- 36591 - 12445 (10/PRE-002107)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria aos concellos de Castrelo do Val, Cualedro, A Gudiña, Laza, A Mezquita, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín e Vilardevós no ano 2015

- 36590 - 12471 (10/PRE-002131)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria aos concellos de Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Muxía, Vimianzo e Zas no ano 2015

- 36589 - 12493 (10/PRE-002151)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria aos concellos de Boiro, Dodro, Lousame, Mazaricos, Muros, Noia, Outes, Padrón, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira no ano 2015

- 36910 - 3658 (10/PRE-002328)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a programación do Centro Dramático Galego para o ano 2017

- 36837 - 3678 (10/PRE-002335)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para fomentar a igualdade no eido da creación artística e cultural

- 36727 - 8984 (10/PRE-002990)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre os estudos científicos nos que se basean as afirmacións da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio referidas á necesidade de minimizar o impacto do corvo mariño grande na pesca nalgunhas zonas

- 36908 - 9971 (10/PRE-003168)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa situación laboral da mocidade galega

- 36907 - 11002 (10/PRE-003289)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as razóns existentes para a elaboración e avaliación das probas para a obtención dos certificados de estudos de lingua galega, Celga, por persoas que non teñen ningún vínculo cos departamentos de galego das universidades, coa Real Academia Galega e coas entidades centradas na defensa da lingua galega

- 36588 - 12540 (10/PRE-003352)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria aos concellos da Baña, Ames, Boqueixón, Brión, Negreira, Ordes, Oroso, O Pino, Rois, Santa Comba, Teo, Tordoia, Touro, Trazo, Val do Dubra e Vedra no ano 2015

- 36587 - 12541 (10/PRE-003353)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria ao Concello de Santiago de Compostela no ano 2015

- 36586 - 12565 (10/PRE-003368)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria aos concellos de Bóveda, Folgoso do Courel, Monforte, Pantón, Pobra de Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, O Saviñao e Sober no ano 2015

- 36585 - 12581 (10/PRE-003383)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria aos concellos do Incio, Láncara, Paradela, O Páramo, Samos e Sarria no ano 2015

- 36210 - 12593 (10/PRE-003395)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria aos concellos da Arnoia, Avión, Beade, Beariz, Boborás, Carballeda de Avia, O Carballiño, Castrelo de Miño, Cenlle, O Irixo, Leiro, Maside, Melón, Punxín, Ribadavia, San Amaro e San Cristovo de Cea no ano 2015

- 36209 - 12611 (10/PRE-003413)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria aos concellos de Cartelle, Celanova, Cortegada, Gomesende, A Merca, Padrenda, Pontedevea e Ramirás no ano 2015

- 36208 - 12629 (10/PRE-003431)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria ao Concello de Ourense no ano 2015

- 36275 - 12647 (10/PRE-003449)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria aos concellos de Allariz, Amoeiro, Baños de Molgas, Barbadás, Coles, Xunqueira de Ambía, Maceda, Paderne de Allariz, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, San Cibrao das Viñas, Taboadela, Toén e Vilamarín no ano 2015

- 36274 - 12665 (10/PRE-003467)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria aos concellos do Barco de Valdeorras, Petín, A Rúa, Rubiá, A Veiga, Viana do Bolo e Vilamartín no ano 2015

- 36584 - 12701 (10/PRE-003490)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria aos concellos de Antas de Ulla, Carballedo, Chantada, Monterroso, Palas de Rei e Taboada no ano 2015

- 36728 - 8983 (10/PRE-003841)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre os estudos científicos nos que se basean as afirmacións da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio referidas á necesidade de minimizar o impacto do corvo mariño grande na pesca nalgunhas zonas, a afección que está a ter esa especie nas poboacións de peixes fluviais

en Galicia, así como o coñecemento pola Consellería dos estudos existentes e dos resultados das medidas adoptadas ao respecto noutras comunidades autónomas

- 36912 - 3627 (10/PRE-003954)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para fomentar a igualdade no eido do ensino e as súas intencións respecto do financiamento das escolas que segregan o alumnado por razón de sexo no futuro

- 36729 - 3628 (10/PRE-003955)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para fomentar a igualdade no eido da creación artística e cultural

- 36911 - 3639 (10/PRE-003959)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a programación do Centro Dramático Galego para o ano 2017

- 36909 - 9970 (10/PRE-004397)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa situación laboral da mocidade galega, as súas previsións referidas á elaboración dun estudo ao respecto e as actuacións que vai levar a cabo para revertir esa situación, así como a súa opinión no tocante á posible incidencia nela do reiterado baixo nivel de execución orzamentaria dos programas ligados ao fomento do emprego

- 36726 - 13280 (10/PRE-005553)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a utilidade de crear un observatorio para solucionar os problemas dos ríos galegos

- 36724 - 13639 (10/PRE-005584)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre os argumentos do Goberno do Estado para non elixir a «Alternativa C5» para o proxecto de prolongación da autovía A-57 no tramo Pilarteiros-Barro e conexión coa AP-9

- 36722 - 13816 (10/PRE-005601)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as medidas que ten pensado adoptar a Xunta de Galicia para solucionar todos os problemas existentes nas parcelas de substitución do proceso de concentración parcelaria de Cures

- 36905 - 14179 (10/PRE-005757)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a previsión dun incremento orzamentario dedicado á construción dun centro de atención a persoas con discapacidade (CAPD) en Ourense neste ano 2017

- 36901 - 15502 (10/PRE-005934)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia e 8 máis

Sobre as actuacións que está a desenvolver de xeito cotián e as prioridades da Xunta de Galicia en materia de conservación de estradas

- 36721 - 18504 (10/PRE-006097)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coas actuacións desenvolvidas durante os anos de vixencia do VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015 para a consecución do obxectivo de potenciar o desenvolvemento profesional e o empoderamento das mulleres rurais en todos os posibles ámbitos da actividade económica

- 36719 - 19085 (10/PRE-006139)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e 6 máis

Sobre as melloras introducidas pola Xunta de Galicia nos últimos anos nas instalacións dos centros de menores

- 36899 - 19143 (10/PRE-006144)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e 7 máis

Sobre os recursos destinados e as liñas de colaboración da Xunta de Galicia coas entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais para o desenvolvemento de programas e actuacións de loita contra a pobreza e a exclusión social en Galicia

- 36733 - 20207 (10/PRE-006247)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos referidos á evolución que presenta desde o ano 2009 o investimento realizado no ensino, así como o previsto para o ano 2018, e a súa comparativa coa media estatal e a dos países europeos

- 36813 - 21001 (10/PRE-006328)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do estado de abandono no que se atopa a histórica locomotora do ferrocarril de Galicia coñecida como *Sarita*, depositada na actualidade na Fundación Camilo José Cela, en Iria Flavia

- 36715 - 21184 (10/PRE-006345)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre o impacto ambiental que tería a reactivación da mina de cobre de Touro

- 36906 - 11252 (10/PRE-006386)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Barahona Martín, Magdalena

Sobre as razóns da demora no pagamento da renda de inserción social de Galicia e os datos referidos á lista de espera para a súa concesión

- 36904 - 14180 (10/PRE-006537)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a construción dun centro de atención a persoas con discapacidade (CAPD) en Ourense neste ano 2017

- 36903 - 14229 (10/PRE-006555)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a regulación do acollemento de menores no que respecta ao pago de prestacións económicas, pago de gastos extraordinarios puntuais e escolarización dos menores, así como sobre a diverxencia de criterios aplicados polos técnicos a casos iguais

- 36720 - 19084 (10/PRE-006676)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e 7 máis

Sobre as melloras introducidas pola Xunta de Galicia nos últimos anos nas instalacións dos centros de menores

- 36898 - 19213 (10/PRE-006683)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e 7 máis

Sobre os recursos destinados e as liñas de colaboración da Xunta de Galicia coas entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais para o desenvolvemento de programas e actuacións de loita contra a pobreza e a exclusión social de Galicia

- 36718 - 19360 (10/PRE-006688)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 8 máis

Sobre os programas de voluntariado postos en marcha polo Goberno galego que permiten aos cidadáns galegos a obtención do certificado de experiencia voluntaria como método de adquisición de competencias transversais

- 36725 - 13281 (10/PRE-006779)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a conformación do Observatorio dos Ríos de Galicia e a elaboración do seu decreto de funcionamento

- 36723 - 13640 (10/PRE-006781)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre os argumentos do Goberno do Estado para non elixir a «Alternativa C5» para o proxecto de prolongación da autovía A-57 no tramo Pilarteiros-Barro e conexión coa AP-9, así como sobre as actuacións que vai realizar o Goberno galego respecto disto

- 36902 - 15501 (10/PRE-006853)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia e 8 máis

Sobre as actuacións que está a desenvolver a Xunta de Galicia de xeito cotián en materia de conservación de estradas, as súas prioridades ao respecto e o balance que fai en relación co desenvolvemento do Plan de reforzos de firme

- 36900 - 19023 (10/PRE-006902)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 10 máis

Sobre o estado de desenvolvemento das distintas fases do Plan de sendas da comarca de Vigo, así como as actuacións concretas que se están a levar a cabo no marco dese plan

- 36716 - 21183 (10/PRE-006943)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre o impacto ambiental que tería a reactivación da mina de cobre de Touro, e a avaliación do Goberno galego en relación cos efectos contaminantes derivados da súa actividade entre os anos 1973 e 1986

- 36717 - 20206 (10/PRE-007056)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos referidos á evolución que presenta desde o ano 2009 o investimento realizado no ensino, así como o previsto para o ano 2018 , e a súa comparativa coa media estatal e a dos países europeos

- 36814 - 21000 (10/PRE-007065)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do estado de abandono no que se atopa a histórica locomotora do ferrocarril de Galicia coñecida como *Sarita*, depositada na actualidade na Fundación Camilo José Cela, en Iria Flavia

- 36812 - 23352 (10/PRE-007592)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre o coñecemento do Goberno galego do impacto que está a ter na veciñanza a modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal que formula o Concello de Dodro para a recolocación do solo industrial S-01, a súa valoración en relación cos posibles incumprimentos existentes en materia de transparencia na súa tramitación e as medidas previstas ao respecto

- 36944 - 23794 (10/PRE-007626)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre as cantidades aboadas, a 31 de decembro de 2017, ás organizacións de produtores do sector pesqueiro correspondentes ás axudas concedidas desde o ano 2014 con cargo aos plans de produción e comercialización financiados co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca

- 36943 - 23797 (10/PRE-007627)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre os datos referidos ás reclamacións patrimoniais de Portos de Galicia recibidas nos anos 2016 e 2017 e a súa tramitación

- 36942 - 26557 (10/PRE-008069)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa demora existente na execución do plan de sinalización de bateas comprometido, os tramites que está a levar a cabo e os prazos estimados para ese fin

- 36543 - 28061 (10/PRE-008245)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego do malestar que están a xerar entre usuarios e usuarias e veciños e veciñas as obras de ampliación da ponte de Rande e a suba das peaxes na AP-9

- 36941 - 28893 (10/PRE-008341)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre as razóns do baixo nivel de execución orzamentaria que presentan, no ano 2017, os programas da Consellería do Mar 723A, Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira, e 723C, Desenvolvemento sustentable das zonas de pesca, así como a posibilidade de acadar os obxectivos fixados

- 36533 - 29647 (10/PRE-008406)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para o levantamento do veto á tramitación da Proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e das competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia, á vista da sentenza do Tribunal Constitucional referida á capacidade do

Goberno central de vetar a tramitación de leis no Congreso dos Deputados ao abeiro do artigo 134 da Constitución española

- 36939 - 29725 (10/PRE-008414)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a opinión e as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego en relación coa instalación de cartellaría e sinalética con toponimia deturpada por parte do Goberno municipal de Ribeira

- 36260 - 30958 (10/PRE-008602)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para evitar a perda de postos de traballo, como consecuencia do proceso de fusión de marcas emprendido pola empresa Adolfo Domínguez, os contactos mantidos ao respecto e a estratexia seguida ou que vai seguir para evitar a deslocalización dos seus servizos, así como o mantemento de xuntanzas cos representantes dos traballadores e as subvencións concedidas a ese grupo desde o ano 2009

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 19 de setembro de 2018, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se eliminan os cambios de hora estacionais e pola que se deroga a Directiva 2000/84/CE (Texto pertinente a efectos do EEE) [COM(2018) 639 final] [2018/0332 (COD)] { SWD(2018) 406 final}

-10/UECS-000248 (37088)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se eliminan os cambios de hora estacionais e pola que se deroga a Directiva 2000/84/CE (Texto pertinente a efectos do EEE) [COM(2018) 639 final] [2018/0332 (COD)] { SWD(2018) 406 final}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 37088, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se eliminan os cambios de hora estacionais e pola que se deroga a Directiva 2000/84/CE (Texto pertinente a efectos do EEE) [COM(2018) 639 final] [2018/0332 (COD)] { SWD(2018) 406 final}.

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1.º) Trasladarlles o referido á Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2.º) Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3.º) Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia, do 19 de setembro de 2018, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE, Euratom) n.º 1141/2014 no que respecta a un procedemento de verificación relativo ás infraccións das normas de protección dos datos persoais no contexto das eleccións ao Parlamento Europeo. Contribución da Comisión Europea á reunión de dirixentes que se celebrará en Salzburgo os días 19 e 20 de setembro de 2018 [COM(2018) 636 final] [2018/0336 (COD)]

-10/UECS-000250 (37089)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE, Euratom) n.º 1141/2014 no que respecta a un procedemento de verificación relativo ás infraccións das normas de protección dos datos persoais no contexto das eleccións ao Parlamento Europeo. Contribución da Comisión Europea á reunión de dirixentes que se celebrará en Salzburgo os días 19 e 20 de setembro de 2018 [COM(2018) 636 final] [2018/0336 (COD)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 37089, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE, Euratom) n.º 1141/2014 no que respecta a

un procedemento de verificación relativo ás infraccións das normas de protección dos datos persoais no contexto das eleccións ao Parlamento Europeo. Contribución da Comisión Europea á reunión de dirixentes que se celebrará en Salzburgo os días 19 e 20 de setembro de 2018 [COM(2018) 636 final] [2018/0336 (COD)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1.º) Trasladarlles o referido á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2.º) Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3.º) Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 2195**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e outros/as deputados/as máis, sobre **“a problemática derivada da tramitación do expediente do proxecto presentado pola empresa O Penedo 2014, S.L. no concello de San Cibrao das Viñas e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia ao respecto”**, (publicada no BOPG número 32 do 21 de decembro de 2016), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Plan Sectorial da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia é un documento complexo, xa que analiza as comunicacións viarias e a súa interconexión coas vías de comunicación existentes e define un modelo de rede viaria metropolitana, tanto desde unha perspectiva territorial como ambiental (o plan está sometido a avaliación ambiental estratéxica).

Así mesmo, o Plan Sectorial ten unha longa tramitación, para a que foron necesarios varios anos, tendo que pasar os seguintes trámites:

- Aprobación provisional mediante resolución da Axencia Galega de Infraestruturas.
- Declaración de incidencia supramunicipal por parte do Consello da Xunta de Galicia (de conformidade co artigo 25.2 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do territorio de Galicia).
- Publicación no Diario Oficial de Galicia do trámite de información pública. Consultas aos organismos afectados, entre eles: Axencia Galega de Infraestruturas; Infraestruturas Ourense; Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental; Deputación Provincial de Ourense; concellos de Ourense, Pereiro de Aguiar, San Cibrao das Viñas, Paderne de Allariz, Taboadela, Barbadás, Toén, Coles, Amoeiro e Punxín; Confederación Hidrográfica Miño-Sil; Ministerio de Fomento- Dirección General de Carreteras; Instituto de Estudos do

Territorio; Direccións Xerais de: Mobilidade, Conservación da Natureza, Patrimonio Cultural, Medio Rural e Montes, Desenvolvemento Rural, Industria, Enerxía e Minas.

- Publicación no Diario Oficial de Galicia da aprobación da Memoria ambiental correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica.
- Informe da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e aprobación definitiva por parte do Consello da Xunta de Galicia.
- Ata a publicación no Diario Oficial de Galicia do acordo do Consello da Xunta polo que se aproba o expediente de información pública e, definitivamente, o Plan sectorial.

Hai que sinalar que a empresa que se menciona na iniciativa non presentou ningunha alegación ou observación durante o trámite de información pública do Plan Sectorial, no que se concedía un prazo de dous meses para examinar o expediente e formular as observacións e suxestións que se considerasen convenientes, tanto desde o punto de vista ambiental como territorial.

Non obstante, en novembro de 2015, co Plan Sectorial xa aprobado definitivamente, a empresa presentou alegacións no trámite de información pública do proxecto de trazado e o estudo de impacto ambiental da actuación do viario de conexión da A-52 co polígono industrial de San Cibrao das Viñas, treito: A-52 – N-525. Este proxecto sitúase dentro da franxa de reserva viaria do Plan sectorial da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia, e nel prevaleceu o trazado aprobado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 15:34:16



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1599** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e dona Luca Chao Pérez , sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para fomentar a igualdade no eido da creación artística e cultural”**, (publicada no BOPG número 27 do 9 de decembro de 2016), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está interesada en coñecer a situación real da muller no mundo da cultura e, concretamente, no sector audiovisual, para o que colabora co Consello da Cultura Galega e, tamén, co propio sector, na diagnose, na reflexión e na análise de pasos a dar para mellorar posibles eivas na igualdade entre homes e mulleres neste ámbito.

En concreto, no proceso de elaboración da Estratexia da Cultura Galega 2021, hai distintos grupos de traballo nos que se abordarán os asuntos de interese presente e futuro para os sectores culturais. Asemade, como un dos eixos transversais da definición da devandita Estratexia, tamén está previsto traballar aspectos relacionados coa participación e a visibilización das mulleres na cultura.

A Estratexia da Cultura Galega 2021 está chamada a ser a folla de ruta que guíe a política da Administración autonómica en materia cultural durante os próximos anos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 15:34:23



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 11362**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e don Luís Manuel Alvarez Martínez, sobre **“os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria ao Concello de Lugo no ano 2015”**, (publicada no BOPG número 144 do 12 de xullo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Con relación ás axudas convocadas pola Consellería, sinalar que as resolucións están publicadas no Diario Oficial de Galicia. Concretamente, aquelas nas que as entidades locais resultaron beneficiarias son as seguintes:

ENERXÍA E MINAS

RESOLUCIÓN do 29 de decembro de 2015, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se modifica o anexo da Resolución do 30 de xullo de 2015 pola que se dá publicidade dos beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 4 de marzo de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á **habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais** da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. DOG 6, 12 de xaneiro de 2016.

COMERCIO E CONSUMO

RESOLUCIÓN do 23 de novembro de 2015 pola que se publican as subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 6 de agosto de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da **comercialización da artesanía galega e impulso da competitividade do sector artesan**, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. DOG 231, 3 de decembro de 2015.

RESOLUCIÓN do 11 de novembro de 2015 pola que se publican as subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos concellos galegos para a **mellora dos mercados municipais e prazas de abastos, así como dos espazos do comercio non sedentario**, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. DOG 223, 23 de novembro de 2015.

EMPREGO

RESOLUCIÓN do 17 de febreiro de 2016, da Secretaría Xeral de Emprego, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 24 de abril de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións ás **entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social**, cofinanciadas parcialmente co FSE, e se convocan para o ano 2015. DOG 48, 10 de marzo de 2016.

RESOLUCIÓN do 15 de setembro de 2016, da Secretaría Xeral de Emprego, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o **fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais** e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2015. DOG 202, 24 de outubro de 2016.

RESOLUCIÓN do 15 de setembro de 2016, da Secretaría Xeral de Emprego, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a **contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga**, e se aproba a convocatoria para o ano 2015. DOG 202, 24 outubro 2016.

RESOLUCIÓN do 15 de setembro de 2016, da Secretaría Xeral de Emprego, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 16 de novembro de 2015 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de **axentes de emprego e desenvolvemento local** para o exercicio 2015. DOG 202, 24 de outubro de 2016.

ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL

RESOLUCIÓN do 16 de marzo de 2016, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2014



pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de **programas integrados para o emprego** durante os anos 2015 e 2016. DOG 60, 30 de marzo de 2016.

RESOLUCIÓN do 16 de marzo de 2016, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os **obradoiros de emprego**, dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. DOG, 61, 31 de marzo de 2016.

RESOLUCIÓN do 16 de marzo de 2016, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 21 de xaneiro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos **programas mixtos de emprego e formación** da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. DOG 61, 31 de marzo de 2016.

RESOLUCIÓN do 29 de agosto de 2016, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pola que se publican as subvencións concedidas en virtude da Orde do 20 de abril de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria para o ano 2015 das subvencións para o financiamento da formación e da actividade laboral dos **contratos para a formación e aprendizaxe** regulados polo Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro. DOG 169, 6 de setembro de 2016.

RESOLUCIÓN do 29 de agosto de 2016, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pola que se publican as subvencións concedidas en virtude da Orde do 29 de maio de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de **accións formativas dirixidas a persoas traballadoras desempregadas beneficiarias do Programa de activación para o emprego** regulado polo Real decreto lei 16/2014, do 19 de decembro, correspondente ao exercicio de 2015. DOG 170, 7 de setembro de 2016.

RESOLUCIÓN do 29 de agosto de 2016, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 30 de novembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria

pública para a **programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas** na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao exercicio de 2015. DOG 171, 8 de setembro de 2016.

RESOLUCIÓN do 25 de abril de 2017, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de **persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego.** DOG 87, 8 de maio de 2017.

INEGA

Resolución do 7 de agosto de 2015 pola que se conceden as subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a **proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia para enerxías renovables**, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, sobre a base da convocatoria de subvencións realizada por Resolución do 15 de abril de 2015. DOG. 154, do 14 de agosto de 2015 (corrección de erros, DOG 159, do 21 de agosto de 2015).

Finalmente, mencionar que en 2015 non se ten asinado convenios de colaboración cos concellos sinalados na pregunta parlamentaria”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:20:33



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 11461**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria aos concellos de Baralla, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Outeiro de Rei e Portomarín, no ano 2015”**, (publicada no BOPG número 145 do 13 de xullo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Ao Concello de Castroverde ténselle concedido unha axuda de 4.436,65€ do Instituto Enerxético de Galicia Galego, INEGA, ao abeiro da convocatoria de axudas para proxectos de aforro e eficiencia enerxética referidos á renovación das instalacións de iluminación pública exterior.

Ao Concello de O Corgo ténselle concedido unha axuda de 7.072,00€ do Instituto Enerxético de Galicia Galego, INEGA, ao abeiro da convocatoria de axudas para proxectos de aforro e eficiencia enerxética referidos á renovación das instalacións de iluminación pública exterior.

Ao Concello de Friol ténselle concedido unha axuda de 9.343,71€ do Instituto Enerxético de Galicia Galego, INEGA, ao abeiro da convocatoria de axudas para proxectos de aforro e eficiencia enerxética referidos á renovación das instalacións de iluminación pública exterior.

Ao Concello de Guntín ténselle concedido unha axuda de 4.857,03€ do Instituto Enerxético de Galicia Galego, INEGA, ao abeiro da convocatoria de axudas para proxectos de aforro e eficiencia enerxética referidos á renovación das instalacións de iluminación pública exterior.

Ao Concello de Guntín ténselle concedido unha axuda de 33.750,00€ do Instituto Enerxético de Galicia Galego, INEGA, ao abeiro da convocatoria de axudas a proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia referidos á equipamentos térmicos de Biomasa.

En relación coas demais axudas convocadas pola Consellería das que as entidades locais resultaron beneficiarias están publicadas no Diario Oficial de Galicia e son as seguintes:

ENERXÍA E MINAS

RESOLUCIÓN do 29 de decembro de 2015, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se modifica o anexo da Resolución do 30 de xullo de 2015 pola que se dá publicidade dos beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 4 de marzo de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. DOG 6, 12 de xaneiro de 2016.

COMERCIO E CONSUMO

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 12701**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Antonio Quiroga Díaz, sobre **“os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria aos concellos de Antas de Ulla, Carballedo, Chantada, Monterroso, Palas de Rei e Taboada, no ano 2015”**, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Ao Concello de Palas de Rei ténselle concedido unha axuda de 10.707,94 € do Instituto Enerxético de Galicia, INEGA, ao abeiro da convocatoria de axudas para proxectos de aforro e eficiencia enerxética referidos á **renovación das instalacións de iluminación pública exterior**.

En relación coas demais axudas convocadas pola Consellería das que as entidades locais resultaron beneficiarias están publicadas no Diario Oficial de Galicia e son as seguintes:

ENERXÍA E MINAS

RESOLUCIÓN do 29 de decembro de 2015, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se modifica o anexo da Resolución do 30 de xullo de 2015 pola que se dá publicidade dos beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 4 de marzo de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á **habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais** da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. DOG 6, 12 de xaneiro de 2016.

COMERCIO E CONSUMO

RESOLUCIÓN do 23 de novembro de 2015 pola que se publican as subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 6 de agosto de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da **comercialización da artesanía galega e impulso da competitividade do sector artesan**, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa

operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. DOG 231, 3 de decembro de 2015.

RESOLUCIÓN do 11 de novembro de 2015 pola que se publican as subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos concellos galegos para a **mellora dos mercados municipais e prazas de abastos, así como dos espazos do comercio non sedentario**, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. DOG 223, 23 de novembro de 2015.

EMPREGO

RESOLUCIÓN do 17 de febreiro de 2016, da Secretaría Xeral de Emprego, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 24 de abril de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións ás **entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social**, cofinanciadas parcialmente co FSE, e se convocan para o ano 2015. DOG 48, 10 de marzo de 2016.

RESOLUCIÓN do 15 de setembro de 2016, da Secretaría Xeral de Emprego, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o **fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais** e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2015. DOG 202, 24 de outubro de 2016.

RESOLUCIÓN do 15 de setembro de 2016, da Secretaría Xeral de Emprego, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a **contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga**, e se aproba a convocatoria para o ano 2015. DOG 202, 24 outubro 2016.

RESOLUCIÓN do 15 de setembro de 2016, da Secretaría Xeral de Emprego, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 16 de novembro de 2015 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de **axentes de emprego e desenvolvemento local** para o exercicio 2015. DOG 202, 24 de outubro de 2016.



ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL

RESOLUCIÓN do 16 de marzo de 2016, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de **programas integrados para o emprego** durante os anos 2015 e 2016. DOG 60, 30 de marzo de 2016.

RESOLUCIÓN do 16 de marzo de 2016, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os **obradoiros de emprego**, dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. DOG, 61, 31 de marzo de 2016.

RESOLUCIÓN do 16 de marzo de 2016, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 21 de xaneiro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos **programas mixtos de emprego e formación** da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. DOG 61, 31 de marzo de 2016.

RESOLUCIÓN do 29 de agosto de 2016, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pola que se publican as subvencións concedidas en virtude da Orde do 20 de abril de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria para o ano 2015 das subvencións para o financiamento da formación e da actividade laboral dos **contratos para a formación e aprendizaxe** regulados polo Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro. DOG 169, 6 de setembro de 2016.

RESOLUCIÓN do 29 de agosto de 2016, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pola que se publican as subvencións concedidas en virtude da Orde do 29 de maio de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de **accións formativas dirixidas a persoas traballadoras desempregadas beneficiarias do Programa de activación para o emprego** regulado polo Real decreto lei 16/2014, do 19 de decembro, correspondente ao exercicio de 2015. DOG 170, 7 de setembro de 2016.

RESOLUCIÓN do 29 de agosto de 2016, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 30 de novembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a **programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas** na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao exercicio de 2015. DOG 171, 8 de setembro de 2016.

RESOLUCIÓN do 25 de abril de 2017, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de **persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego.** DOG 87, 8 de maio de 2017.

INEGA

Resolución do 7 de agosto de 2015 pola que se conceden as subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a **proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia para enerxías renovables**, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, sobre a base da convocatoria de subvencións realizada por Resolución do 15 de abril de 2015. DOG. 154, do 14 de agosto de 2015 (corrección de erros, DOG 159, do 21 de agosto de 2015).

Finalmente, mencionar que en 2015 non se ten asinado convenios de colaboración cos concellos sinalados na pregunta parlamentaria”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:16:54



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 8983**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“os estudos científicos nos que se basean as afirmacións da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio referidas á necesidade de minimizar o impacto do corvo mariño grande na pesca nalgunhas zonas, a afección que está a ter esa especie nas poboacións de peixes fluviais en Galicia, así como o coñecemento pola Consellería dos estudos existentes e dos resultados das medidas adoptadas ao respecto noutras comunidades autónomas”**, (publicada no BOPG número 116 do 19 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Medio Ambiente encargou en 2005 á Universidade de Santiago de Compostela unha avaliación do impacto potencial da poboación invernante de corvo mariño grande sobre a ictiofauna en Galicia. Este estudo analizou a evolución temporal destas poboacións, a distribución das zonas nas que se concentran para durmir e a dieta desta especie en distintas localidades, así como as posibles medidas de xestión.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 15:34:02



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 3627** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e dona Luca Chao Pérez, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para fomentar a igualdade no eido do ensino e as súas intencións respecto do financiamento das escolas que segregan o alumnado por razón de sexo no futuro”**, (publicada no BOPG número 55 do 30 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 1602 e publicada no BOPG número 60, de data 06/02/2017, á que nos remitimos. Neste asunto como noutros, a Consellería acata e cumpre o establecido na lexislación vixente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2018 12:54:50



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 3628** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e dona Luca Chao Pérez, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para fomentar a igualdade no eido da creación artística e cultural”**, (publicada no BOPG número 55 do 30 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está interesada en coñecer a situación real da muller no mundo da cultura e, concretamente, no sector audiovisual, para o que colabora co Consello da Cultura Galega e, tamén, co propio sector, na diagnose, na reflexión e na análise de pasos a dar para mellorar posibles eivas na igualdade entre homes e mulleres neste ámbito.

En concreto, no proceso de elaboración da Estratexia da Cultura Galega 2021, hai distintos grupos de traballo nos que se abordarán os asuntos de interese presente e futuro para os sectores culturais. Asemade, como un dos eixos transversais da definición da devandita Estratexia, tamén está previsto traballar aspectos relacionados coa participación e a visibilización das mulleres na cultura.

A Estratexia da Cultura Galega 2021 está chamada a ser a folla de ruta que guíe a política da Administración autonómica en materia cultural durante os próximos anos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 15:34:09



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 3639** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre “**a programación do Centro Dramático Galego para o ano 2017**”, (publicada no BOPG número 55 do 30 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 2430 e publicada no BOPG número 317, de data 07/06/2018, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2018 12:54:42



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 9970** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia en relación coa situación laboral da mocidade galega, as súas previsións referidas á elaboración dun estudo ao respecto e as actuacións que vai levar a cabo para reverter esa situación, así como a súa opinión no tocante á posible incidencia nela do reiterado baixo nivel de execución orzamentaria dos programas ligados ao fomento do emprego”**, (publicada no BOPG número 129 do 15 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 19.10.2017- ao darlle resposta á pregunta 14405 sobre o mesmo tema. O enlace onde pode consultarse é:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2017-10-19?part=7688c72b-85a1-47c5-8800-40be8febde05&start=1223>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2018 12:54:26



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 13280**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as máis, sobre **“a utilidade de crear un Observatorio para solventar os problemas dos ríos galegos”**, (publicada no BOPG número 165, do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“O referido órgano colexiado adscríbese á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, tal e como establece o artigo 3 do Decreto 15/2018, do 25 de xaneiro, polo que se crea e regula o Observatorio Autonómico dos ríos de Galicia.

O observatorio concíbese como un órgano colexiado de asesoramento apoio e consulta, encaixando, polo tanto, as súas funcións no establecido no artigo 22 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de Administración Xeral e Sector Público de Galicia.

O Decreto 15/2018 do 25 de xaneiro dedica o seu capítulo III ao desenvolvemento das normas básicas de funcionamento deste órgano consultivo. No punto 6 do artigo 12, contéplase a cuestión formulada ao respecto do seu réxime de funcionamento.

En canto ao financiamento, a resposta a esta cuestión inclúese na disposición adicional primeira do citado decreto, mentres que a súa estrutura e composición vén detallada no capítulo II.

O decreto dedica o seu artigo 6 a detallar a presidencia do Observatorio. O resto dos representantes da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio que formarán parte deste órgano consultivo, así como as súas funcións, están especificados nos artigos 7, 8 e 9 do citado decreto.

En total, conforman este órgano consultivo un total de 35 membros. A súa composición atende á necesidade de contar coa máxima representatividade dos principais sectores implicados na xestión

nas materias incluídas dentro do seu ámbito de aplicación, acorde en todo caso coa natureza deste órgano de asesoramento.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 15:33:48



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 13639**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as máis, sobre **“os argumentos do Goberno do Estado para non elixir a ‘Alternativa C5’ para o proxecto de prolongación da autovía A-57 no tramo Pilarteiros-Barro e conexión coa AP-9”**, (publicada no BOPG número 165, do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno Galego, a través da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento, participou no procedemento de aprobación do Estudo Informativo polo que se adoptou, por parte do Ministerio de Fomento, a alternativa ‘CO-3 con melloras’ en lugar da alternativa ‘C-5’. A Administración autonómica considera que os dous trazados propostos son válidos en relación coa rede autonómica de estradas, pero que a alternativa ‘C-5’ ten un menor impacto social e conecta mellor coa autoestrada AP-9 que a alternativa ‘CO-3 con melloras’. Así se pronunciou ante o Ministerio de Fomento en 2013 e 2016.

O 7 de xullo de 2017 publicouse no Boletín Oficial do Estado (BOE) a Declaración de Impacto Ambiental, na que se determina como opción máis favorable a alternativa ‘CO-3 con melloras’ e se expoñen os motivos para tela elixido. A Xunta de Galicia entende que a decisión non foi correcta, así o manifesta por escrito ante o Ministerio e reúnese co Ministerio de Fomento para avaliar fórmulas que permitisen retomar a opción da alternativa ‘C-5’. Non obstante, o Ministerio de Fomento, xa co novo Goberno do Estado, publicou o 19 de xullo a resolución de aprobación do Estudo Informativo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 15:33:33



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36722
Data envío: 13/09/2018 15:33:22.319

Data 13/09/2018 15:33

BOIROS

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13816**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que adoptará a Xunta de Galicia para solucionar todos os problemas existentes nas fincas de substitución do proceso de concentración parcelaria de Cures”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa xa foi respondida na Comisión 7ª celebrada o 15 de decembro do 2017 polo Director Xeral de Desenvolvemento Rural, ao darlle resposta á pregunta 12380.

O director xeral de Desenvolvemento Rural, informou da situación do proceso de reestruturación parcelaria da zona de Cures-Boiro, no concello coruñés de Boiro. Esta parcelaria está en fase de acordo e a toma de posesión dos novos predios foi no mes de xuño. Foi publicado no Diario Oficial de Galicia unha moratoria de 6 meses para aqueles propietarios que non procederan á corta da madeira, tal e como solicitou a propia Xunta Local.

Nos dous últimos anos fíxose un importante esforzo para impulsar os traballos nesta zona de concentración. Así, executáronse os camiños secundarios e traballouse nos accesos aos predios de substitución, coa extensión dos cordóns de terra e a execución dun aparcadoiro solicitado polos propietarios. En conxunto, o investimento realizado neste proceso de reorganización do territorio ascende aos 3,6 millóns de euros.

A parcelaria de Cures-Boiro afecta unha superficie de 643 hectáreas, pertencentes a 1.378 propietarios. No inicio deste proceso, no ano 1999, había un total de 9.871 parcelas e coa

páxina 1 de 2

reorganización da propiedade hai nestes momentos 2.322 predios. Así, a superficie media dos terreos por propietario pasou dos 651 aos 2.769 metros cadrados”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

CVE-PREPAR: 52077900-bed6-e898-0db0-8443a5b999eb0

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 15:33:18



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14179** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a previsión dun incremento orzamentario dedicado á construción dun Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (CAPD) en Ourense neste ano 2017”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa foi atendida polo secretario xeral da Consellería de Política Social, na resposta á pregunta con número de rexistro 23358 incluída na orde do día da Comisión 5ª do 22.02.2018. O link onde pose consultarse é:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2018-02-22?part=5a54f06f-6ab4-43a6-80cb-6b5c4c814ba7&start=4126>

Na resposta oral á pregunta 23358 que versaba sobre a mesma cuestión deuse conta da situación da obra do CAPD Ourense, tanto no relativo á cesión dos terreos por parte do Concello de Ourense como do proxecto construtivo do centro, respecto do cal se detallaron as características futuras do mesmo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2018 12:53:36



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 12:53
Nº Rexistro: 36901
Data envío: 17/09/2018 12:53:00.499

Data 17/09/2018 12:52

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 15502** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Julia Rodríguez Barreira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que está a desenvolver de xeito cotián e as prioridades da Xunta de Galicia en materia de conservación de estradas”**, (publicada no BOPG número 174 do 13 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda en resposta á pregunta oral en Pleno número 35521, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada o 11 e 12 de setembro de 2018, á que nos remitimos.

Na súa resposta, a conselleira de Infraestruturas e Vivenda lembrou que, para a Xunta, a seguridade viaria é unha materia estratéxica e prioritaria e neste sentido destacou o investimento, este ano, duns 55 millóns de euros en actuacións de conservación nas estradas autonómicas co fin de reforzar a seguridade viaria.

Detallou que o Goberno galego está a realizar un esforzo investidor en materia de conservación para levar a cabo obras de mellora de firme e actuacións singulares e específicas nas estradas da Xunta, con medidas como o Plan de reforzos de firme ou tamén co Programa específico de seguridade das pontes e outras obras de paso nas estradas da Xunta. A través deste último programa realízanse inspeccións periódicas nas estruturas da rede autonómica (viadutos, pasos superiores e inferiores...), co obxectivo de anticiparse a posibles problemas futuros. A este respecto, destacou o investimento duns 19 millóns de euros en intervencións nas pontes realizado pola Xunta desde o ano 2009.

páxina 1 de 2

A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Vivenda pode verse nos seguintes enlaces:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-09-12?
part=46b8584c-a0e2-4ca8-94d8-bfe93a622551&start=2853](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-09-12?part=46b8584c-a0e2-4ca8-94d8-bfe93a622551&start=2853)

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-09-12?
part=46b8584c-a0e2-4ca8-94d8-bfe93a622551&start=3187”](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-09-12?part=46b8584c-a0e2-4ca8-94d8-bfe93a622551&start=3187).

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2018 12:52:57



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: 18504, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luísa Pierres López e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre “**a valoración do Goberno galego en relación coas actuacións desenvolvidas durante os anos de vixencia do VI Plan galego para igualdade entre mulleres e homes 2013-2015 para a consecución do obxectivo de potenciar o desenvolvemento profesional e o empoderamento das mulleres rurais en todos os posibles ámbitos da actividade económica**”, (publicada no BOPG número 195 do 18 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“O VI Plan de Igualdade para a igualdade entre mulleres e homes programou para o período 2013-2015 un total de 320 actuacións, cun orzamento de máis de 220 millóns de euros.

Todas as medidas articuláronse ao redor de 6 eixos estratéxicos: mellora da gobernanza a favor da igualdade; cambio de valores e modelos para a igualdade; aproveitamento do talento feminino; conciliación corresponsable e calidade de vida; participación activa das mulleres na sociedade; e acción integral para combater a violencia de xénero.

Dentro deste VI Plan de Igualdade, un dos obxectivos fixados pasa por incentivar o emprendemento orientado á muller rural, como elemento estratéxico para o crecemento económico e desenvolvemento pleno e duradeiro do medio.

Recentemente, estase percibindo un progresivo cambio de tendencia no papel que desempeña a muller rural. Así, o 54% das persoas que deciden emprender un negocio no ámbito rural son mulleres, fronte a un 46% de homes. Pola contra, no mundo urbano, a porcentaxe de mulleres empresarias baixa ao 30%, fronte ao 70% de homes. Ademais, nun 79% dos casos, estas empresarias rurais son autónomas e apostan por poñer en marcha iniciativas empresariais que ofertan produtos ou servizos dos que carece o seu ámbito.

Por outra banda, máis do 25% dos proxectos do Leader 2007-2013 estiveron ou ben presentados por mulleres, ou elas formaban parte do seu desenvolvemento. O obxectivo do novo período debe ser redobrar os esforzos para acadar maiores porcentaxes.

En canto aos programas no ámbito da educación, cabe sinalar que coa posta en marcha do PDR 2014-20 no ano 2016 empezouse a traballar no deseño de liñas de axudas e accións de formación dirixidas especificamente aos principais colectivos que conforman o tecido social do medio rural. Xa no 2017 iniciáronse accións de formación dirixidas aos mozos e mozas do rural galego para incentivar a incorporación á empresa agraria coa que se pretende dar resposta ao relevo xeracional necesario para a continuidade das actividades económicas no eido da produción primaria no rural. En total, no ano 2018 destinarase un orzamento de 824.000,00€ para accións de transferencia de coñecementos destinada especificamente ás mulleres do rural co obxectivo de mellorar as competencias profesionais das mesmas e impulsar o emprendemento da muller rural na procura da incorporación real da muller no tecido produtivo rural.

Ademais, estanse a actualizar os contidos dentro dos programas de formación dos cursos de capacitación agraria para incorporación á empresa agraria, introducindo a perspectiva de xénero nos distintos módulos que o conforman. Así mesmo, estanse a programar charlas de igualdade de xénero para o segundo trimestre do 2018 nos distintos centros de formación da consellería do Medio Rural, como complemento formativo dos ciclos de FP regrada.

A incorporación das mulleres ao mercado laboral galego foi un dos principais obxectivos do Goberno da Xunta de Galicia ao longo dos últimos anos. Grazas a iso, a tendencia do emprego feminino en Galicia nos últimos anos está a ser positiva.

Actualmente, do total de explotacións rexistradas actualmente en Galicia, o 43,76% das explotacións galegas teñen como titular a mulleres e o 56,24 % a homes. No que se refire a explotacións de titularidade compartida, en Galicia existen 17 casos, o que nos sitúa dentro da media estatal. Porén, e para incentivar esta figura, a Consellería do Medio Rural prioriza nas ordes de axudas (como no caso de plans de mellora) as granxas de titularidade compartida”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 15:33:11



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36719
Data envío: 13/09/2018 15:33:00.303

Data 13/09/2018 15:32

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 19085** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Marta Rodríguez Arias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as melloras introducidas pola Xunta de Galicia nos últimos anos nas instalacións dos centros de menores”**, (publicada no BOPG número 200 do 25 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión do Pleno do 07.03.2018- ao darlle resposta á pregunta 25960 sobre o mesmo tema. O link onde pode consultarse é;

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-03-07?part=f513c41b-d04b-4f17-88f2-4b1566048dde&start=6323>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 15:32:56



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 12:52
Nº Rexistro: 36899
Data envío: 17/09/2018 12:52:42.389

Data 17/09/2018 12:52

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 19143** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Marta Rodríguez Arias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os recursos destinados e as liñas de colaboración da Xunta de Galicia coas entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais para o desenvolvemento de programas e actuacións de loita contra a pobreza e a exclusión social en Galicia”**, (publicada no BOPG número 200 do 25 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión do Pleno do 08.05.2018- ao darlle resposta á pregunta 24249 sobre o mesmo tema. O enlace no que pode consultarse é :

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-05-09?part=ff91626e-1b8a-4db7-9727-e55ee45b8e31&start=7875>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1

CVE-PREPAR: 6c6e8a40-9d27-b1f2-caa2-f9e7a92e3c66



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2018 12:52:39



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 20207** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación cos datos referidos á evolución que presenta dende o ano 2009 o investimento realizado e o previsto para o ano 2018 no ensino, así como a súa comparativa coa media estatal e a media dos países europeos”**, (publicada no BOPG número 215 do 22 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería competente en materia educativa da Xunta de Galicia ten trasladado ao Parlamento de Galicia información sobre o investimento no ensino galego en reiteradas ocasións, na maioría dos casos, a través de comparecencias nos inicios do curso escolares ou na análise da situación do sistema non universitario ao remate do ano escolar; así como, con motivo da presentación dos proxectos de orzamentos do departamento na Comisión 3ª.

A modo de dato concreto, consideramos acaído remitirnos ao último anuario estatístico do MECD ‘*Las cifras de la educación en España. Estadísticas e indicadores. Edición 2018*’, no relativo a aspectos destacables para Galicia. Segundo este informe oficial, con datos estatísticos referidos ao curso 2015-16, Galicia ocupa o 6º posto das CCAA en investimento educativo total, con 2.280.093 miles de € destinados a este fin. Engadir que, do cómputo total de CCAA Galicia ocupa o 5º posto investimento/alumno: 5.630 €/alumno. O gasto público total en educación en España en relación ao PIB (ano 2014) é moi similar á media da UE: 0,48% España e 0,50% media UE.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 15:37:00



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 21001** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do estado de abandono no que se atopa a histórica locomotora do ferrocarril de Galicia coñecida como Sarita depositada na actualidade na Fundación Camilo José Cela, en Iria Flavia”**, (publicada no BOPG número 223 do 5 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“En xuño de 1990, a Fundación Camilo José Cela recibiu en depósito a locomotora Hunslet nº 243 030-0201 ‘SAR’, coñecida popularmente como ‘Sarita’, de relevante valor simbólico por pertencer ás orixes do ferrocarril en Galicia.

Dende logo a vinculación da locomotora con Padrón parece máis que evidente por:

- a) Formar parte do parque móbil de The West Galicia Railway Company, onde traballou como xerente John Trulock, avó do Premio Nobel galego.
- b) A Fundación de Ferrocarriles Españoles (FFE), propietaria da máquina, cedeu en depósito a locomotora á Fundación Camilo José Cela.

A vinculación da ‘Sarita’ con Padrón é indubidable, no só pola figura de John Trulock, senón polo aprecio que a sociedade civil ten cara esta locomotora. Enténdese que o seu traslado sería rexeitado polos habitantes do municipio e a súa comarca.

Por outra banda, xa no ano 2012, cando se tivo noticia acerca dunha petición desde Vilagarcía do traslado de la locomotora, a xerencia da FFE (propietaria de la locomotora) defendeu que a maquina continuase en Padrón. Parece lóxico que, polo tanto, a Xunta, a Fundación Camilo José Cela e o conxunto da sociedade galega respecten a vontade da entidade propietaria respecto do seu emprazamento en Padrón.

Neste contexto, a Fundación Cela mantén, como non pode ser doutro xeito, contacto permanente coa FFE, non só no que ten que ver co estado e localización de 'Sarita', senón tamén en todo o relativo aos múltiples fondos cedidos por esta institución estatal e que se custodian en Iria Flavia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2018 10:30:15



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 21184**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García, sobre “**o impacto medioambiental que tería a reactivación da mina de cobre de Touro**”, (publicada no BOPG número 226 do 14 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro- decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión xa foi contestada na sesión da Comisión 2ª celebrada o pasado 19 de abril de 2018 pola directora xeral de Patrimonio Natural en resposta á pregunta oral con número de rexistro 22749.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 15:31:20



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 11252** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e dona Magdalena Barahona Martín, sobre **“as razóns da demora no pagamento da renda de inserción social de Galicia e os datos referidos á lista de espera para a súa concesión”**, (publicada no BOPG número 144 do 12 de xullo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A RISGA estase a conceder a todos os galegos e galegas que a solicitan e cumpren os requisitos legais para percibila.

O orzamento incrementouse ano tras ano para dar resposta a todos os solicitantes con dereito a percibilas e eliminar as listas de agarda, e actualmente a administración autonómica está a cumprir os prazos establecidos na Lei de inclusión social de Galicia, ao resolverse todas as solicitudes dentro do prazo de dous meses dende a súa entrada na citada administración.

Ademais, pódese sinalar que o pasado ano incrementouse o financiamento autonómico do persoal técnico dos servizos sociais comunitarios municipais (traballadores/as sociais, educadores/as sociais e psicólogo/as) no marco do plan concertado. Isto permitiu que os concellos financiaran 63 novos profesionais, o que redunda nunha mellora da calidade de atención aos usuarios.

Como se reflicte no informe anual de desenvolvemento da lei de inclusión que publica a Dirección xeral de Inclusión Social, o tempo medio de resolución (sen ter en conta os

períodos nos que os expedientes están paralizados por requirimentos de documentación necesaria para a súa resolución) pasou de 118 días en 2015 a 67 en 2016.

No citado informe, do que se achega enlace: (http://politicassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Estudios_e_informes/INFORME_RISGA_2016.pdf), pódese consultar a distribución das solicitudes e axudas concedidas por provincias e concellos, entre outros detalles”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2018 12:53:59



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14180** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a construción dun Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (CAPD) en Ourense neste ano 2017”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa foi atendida polo secretario xeral da Consellería de Política Social, na resposta á pregunta con número de rexistro 23358 incluída na orde do día da Comisión 5ª do 22.02.2018. O link onde pode consultarse é:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2018-02-22?part=5a54f06f-6ab4-43a6-80cb-6b5c4c814ba7&start=4126>

Na resposta oral á pregunta 23358 que versaba sobre a mesma cuestión deuse conta da situación da obra do CAPD Ourense, tanto no relativo á cesión dos terreos por parte do Concello de Ourense como do proxecto construtivo do centro, respecto do cal se detallaron as características futuras do mesmo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2018 12:53:29



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14229** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a regulación do acollemento de menores no que respecta ao pago de prestacións económicas, pago de gastos extraordinarios puntuais e escolarización dos menores, así como á diverxencia de criterios aplicados polos técnicos a casos iguais”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada ao darlle resposta á pregunta 14228 sobre o mesmo tema e formulada polos mesmos deputados/as e publicada no BOPG 300 do 4.05.2018.

Remitímonos ao alí exposto”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2018 12:53:21



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36720
Data envío: 13/09/2018 15:33:07.569

Data 13/09/2018 15:33

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19084** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Marta Rodríguez Arias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as melloras introducidas pola Xunta de Galicia nos últimos anos nas instalacións dos centros de menores”**, (publicada no BOPG número 199 do 24 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión do Pleno do 07.03.2018- ao darlle resposta á pregunta 25960 sobre o mesmo tema. O link onde pode consultarse é;

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-03-07?part=f513c41b-d04b-4f17-88f2-4b1566048dde&start=6323>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 15:33:04



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 12:52
Nº Rexistro: 36898
Data envío: 17/09/2018 12:52:35.139

Data 17/09/2018 12:52

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19213** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Marta Rodríguez Arias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os recursos destinados e as liñas de colaboración da Xunta de Galicia coas entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais para o desenvolvemento de programas e actuacións de loita contra a pobreza e a exclusión social de Galicia”**, (publicada no BOPG número 204 do 2 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión do Pleno do 08.05.2018- ao darlle resposta á pregunta 24249 sobre o mesmo tema. O enlace no que se pode consultar é o seguinte:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-05-09?part=ff91626e-1b8a-4db7-9727-e55ee45b8e31&start=7875>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2018 12:52:32



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36718
Data envío: 13/09/2018 15:32:53.272

Data 13/09/2018 15:32

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19360** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Sandra Vázquez Domínguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os programas de voluntariado postos en marcha polo Goberno galego que permiten aos cidadáns galegos a obtención do certificado de experiencia voluntaria como método de adquisición de competencias transversais”**, (publicada no BOPG número 204 do 2 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 09.03.2018- ao darlle resposta á pregunta 24245 sobre o mesmo tema. O enlace no que pode ser consultado é o seguinte:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2018-03-09?part=3e96477d-1cb3-46fd-99cd-fa3c861d689f&start=4123>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1

CVE-PREPAR: 7d047763-8682-f169-1100-9926054e1820



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 15:32:50



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 13281**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as máis, sobre **“a conformación do Observatorio dos Ríos de Galicia e a elaboración do seu Decreto de funcionamento”**, (publicada no BOPG número 166, do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“O referido órgano colexiado adscríbese á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, tal e como establece o artigo 3 do Decreto 15/2018, do 25 de xaneiro, polo que se crea e regula o Observatorio Autonómico dos ríos de Galicia.

O observatorio concíbese como un órgano colexiado de asesoramento apoio e consulta, encaixando, polo tanto, as súas funcións no establecido no artigo 22 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de Administración Xeral e Sector Público de Galicia.

O Decreto 15/2018 do 25 de xaneiro dedica o seu capítulo III ao desenvolvemento das normas básicas de funcionamento deste órgano consultivo. No punto 6 do artigo 12, contéplase a cuestión formulada ao respecto do seu réxime de funcionamento.

En canto ao financiamento, a resposta a esta cuestión inclúese na disposición adicional primeira do citado decreto, mentres que a súa estrutura e composición vén detallada no capítulo II.

O decreto dedica o seu artigo 6 a detallar a presidencia do Observatorio. O resto dos representantes da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio que formarán parte deste órgano consultivo, así como as súas funcións, están especificados nos artigos 7, 8 e 9 do citado decreto.

En total, conforman este órgano consultivo un total de 35 membros. A súa composición atende á necesidade de contar coa máxima representatividade dos principais sectores implicados na xestión

nas materias incluídas dentro do seu ámbito de aplicación, acorde en todo caso coa natureza deste órgano de asesoramento.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 15:33:40



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 13640**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as máis, sobre **“os argumentos do Goberno do Estado para non elixir a ‘Alternativa C5’ para o proxecto de prolongación da autovía A-57 no tramo Pilarteiros-Barro e conexión coa AP-9 e as actuacións a realizar polo Goberno galego”**, (publicada no BOPG número 166, do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno Galego, a través da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento, participou no procedemento de aprobación do Estudo Informativo polo que se adoptou, por parte do Ministerio de Fomento, a alternativa ‘CO-3 con melloras’ en lugar da alternativa ‘C-5’. A Administración autonómica considera que os dous trazados propostos son válidos en relación coa rede autonómica de estradas, pero que a alternativa ‘C-5’ ten un menor impacto social e conecta mellor coa autoestrada AP-9 que a alternativa ‘CO-3 con melloras’. Así se pronunciou ante o Ministerio de Fomento en 2013 e 2016.

O 7 de xullo de 2017 publicouse no Boletín Oficial do Estado (BOE) a Declaración de Impacto Ambiental, na que se determina como opción máis favorable a alternativa ‘CO-3 con melloras’ e se expoñen os motivos para tela elixido. A Xunta de Galicia entende que a decisión non foi correcta, así o manifesta por escrito ante o Ministerio e reúnese co Ministerio de Fomento para avaliar fórmulas que permitisen retomar a opción da alternativa ‘C-5’. Non obstante, o Ministerio de Fomento, xa co novo Goberno do Estado, publicou o 19 de xullo a resolución de aprobación do Estudo Informativo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 15:33:26



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 15501** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Julia Rodríguez Barreira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que está a desenvolver a Xunta de Galicia de xeito cotián en materia de conservación de estradas, as súas prioridades ao respecto e o balance que fai en relación co desenvolvemento do plan de reforzos de firme”**, (publicada no BOPG número 175 do 14 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda en resposta á pregunta oral en Pleno número 35521, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada o 11 e 12 de setembro de 2018, á que nos remitimos.

Na súa resposta, a conselleira de Infraestruturas e Vivenda lembrou que, para a Xunta, a seguridade viaria é unha materia estratéxica e prioritaria e neste sentido destacou o investimento, este ano, duns 55 millóns de euros en actuacións de conservación nas estradas autonómicas co fin de reforzar a seguridade viaria.

Detallou que o Goberno galego está a realizar un esforzo investidor en materia de conservación para levar a cabo obras de mellora de firme e actuacións singulares e específicas nas estradas da Xunta, con medidas como o Plan de reforzos de firme ou tamén co Programa específico de seguridade das pontes e outras obras de paso nas estradas da Xunta. A través deste último programa realízanse inspeccións periódicas nas estruturas da rede autonómica (viadutos, pasos superiores e inferiores...), co obxectivo de anticiparse a posibles problemas futuros. A este respecto, destacou o investimento duns 19 millóns de euros en intervencións nas pontes realizado pola Xunta desde o ano 2009.

A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Vivenda pode verse nos seguintes enlaces:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-09-12?
part=46b8584c-a0e2-4ca8-94d8-bfe93a622551&start=2853](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-09-12?part=46b8584c-a0e2-4ca8-94d8-bfe93a622551&start=2853)

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-09-12?
part=46b8584c-a0e2-4ca8-94d8-bfe93a622551&start=3187”](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-09-12?part=46b8584c-a0e2-4ca8-94d8-bfe93a622551&start=3187).

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2018 12:53:14



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 12:52
Nº Rexistro: 36900
Data envío: 17/09/2018 12:52:52.514

Data 17/09/2018 12:52

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19023** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado de desenvolvemento das distintas fases do Plan de sendas da comarca de Vigo, así como as actuacións concretas que se están a levar a cabo no marco dese plan”**, (publicada no BOPG número 199 do 24 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 33518, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 13 de setembro de 2018, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director da Axencia Galega de Infraestruturas lembrou que na comarca de Vigo o Plan de Sendas prevé a execución de 11 sendas, cunha lonxitude total de 12,5 quilómetros, que se están a desenvolver en 9 proxectos construtivos, mediante un investimento duns 5,9 millóns de euros. Salientou, ademais, que o Plan de Sendas na comarca de Vigo xa dispón de 5 proxectos rematados, dous en execución e dous en tramitación.

A resposta completa do director da Axencia Galega de Infraestruturas pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2018-09-13?part=5044dcfa-1997-40b3-8a36-055cca08763b&start=4034>

páxina 1 de 2

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2018-09-13?part=5044dcfa-1997-40b3-8a36-055cca08763b&start=4803>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2018 12:52:48



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 21183**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García, sobre **“o impacto medioambiental que tería a reactivación da mina de cobre de Touro e a avaliación do Goberno galego en relación cos efectos contaminantes derivados da súa actividade entre os anos 1973 e 1986”**, (publicada no BOPG número 226 do 14 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro- decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión xa foi contestada na sesión da Comisión 2ª celebrada o pasado 19 de abril de 2018 pola directora xeral de Patrimonio Natural en resposta á pregunta oral con número de rexistro 22749.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 15:31:27



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20206** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación cos datos referidos á evolución que presenta dende o ano 2009 o investimento realizado e o previsto para o ano 2018 no ensino, así como a súa comparativa coa media estatal e a media dos países europeos”**, (publicada no BOPG número 215 do 22 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería competente en materia educativa da Xunta de Galicia ten trasladado ao Parlamento de Galicia información sobre o investimento no ensino galego en reiteradas ocasións, na maioría dos casos, a través de comparecencias nos inicios do curso escolares ou na análise da situación do sistema non universitario ao remate do ano escolar; así como, con motivo da presentación dos proxectos de orzamentos do departamento na Comisión 3ª.

A modo de dato concreto, consideramos acaído remitirnos ao último anuario estatístico do MECD ‘*Las cifras de la educación en España. Estadísticas e indicadores. Edición 2018*’, no relativo a aspectos destacables para Galicia. Segundo este informe oficial, con datos estatísticos referidos ao curso 2015-16, Galicia ocupa o 6º posto das CCAA en investimento educativo total, con 2.280.093 miles de € destinados a este fin. Engadir que, do cómputo total de CCAA Galicia ocupa o 5º posto investimento/alumno: 5.630 €/alumno. O gasto público total en educación en España en relación ao PIB (ano 2014) é moi similar á media da UE: 0,48% España e 0,50% media UE.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 15:32:42



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21000** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do estado de abandono no que se atopa a histórica locomotora do ferrocarril de Galicia coñecida como Sarita depositada na actualidade na Fundación Camilo José Cela, en Iria Flavia”**, (publicada no BOPG número 223 do 5 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“En xuño de 1990, a Fundación Camilo José Cela recibiu en depósito a locomotora Hunslet nº 243 030-0201 ‘SAR’, coñecida popularmente como ‘Sarita’, de relevante valor simbólico por pertencer ás orixes do ferrocarril en Galicia.

Dende logo a vinculación da locomotora con Padrón parece máis que evidente por:

- a) Formar parte do parque móbil de The West Galicia Railway Company, onde traballou como xerente John Trulock, avó do Premio Nobel galego.
- b) A Fundación de Ferrocarriles Españoles (FFE), propietaria da máquina, cedeu en depósito a locomotora á Fundación Camilo José Cela.

A vinculación da ‘Sarita’ con Padrón é indubidable, no só pola figura de John Trulock, senón polo aprecio que a sociedade civil ten cara esta locomotora. Enténdese que o seu traslado sería rexeitado polos habitantes do municipio e a súa comarca.

Por outra banda, xa no ano 2012, cando se tivo noticia acerca dunha petición desde Vilagarcía do traslado de la locomotora, a xerencia da FFE (propietaria de la locomotora) defendeu que a maquina continuase en Padrón. Parece lóxico que, polo tanto, a Xunta, a Fundación Camilo José Cela e o conxunto da sociedade galega respecten a vontade da entidade propietaria respecto do seu emprazamento en Padrón.

Neste contexto, a Fundación Cela mantén, como non pode ser doutro xeito, contacto permanente coa FFE, non só no que ten que ver co estado e localización de 'Sarita', senón tamén en todo o relativo aos múltiples fondos cedidos por esta institución estatal e que se custodian en Iria Flavia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2018 10:30:24



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 23352**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento do Goberno galego do impacto que está a ter na veciñanza a modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal que formula o Concello de Dodro para a recolocación do solo industrial S-01, a súa valoración en relación cos posibles incumprimentos existentes en materia de transparencia na súa tramitación e as medidas previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego non ten constancia oficial de que o Concello de Dodro estea revisando o seu PXOM, aprobado definitivamente o 27 de decembro de 2010 por Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

A competencia relacionada coa tramitación dunha modificación puntual do PXOM que lle corresponde ao Goberno galego, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, está establecida no art. 144 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do Solo de Galicia. Durante o transcurso do procedemento ata o tramite de aprobación definitiva, as accións e procedementos relativos a competencia municipal, son cuestións da súa responsabilidade.

A actuación vén derivada da aprobación inicial da modificación puntual, como resultado dun trámite ambiental previo, onde se determinaron todas características da modificación puntual, da exposición pública e consultas, así como dos efectos ambientais probables e previsibles da proposta presentada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2018 10:29:38



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 23794**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as cantidades abonadas, a 31 de decembro de 2017, ás organizacións de produtores do sector pesqueiro correspondentes ás axudas concedidas desde o ano 2014 con cargo aos plans de produción e comercialización financiados co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca”**, (publicada no BOPG número 252 do 2 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar informa que, con respecto ás Organizacións de Produtores Pesqueiros de ámbito autonómico, este Departamento convocou e abonou as axudas dos exercicios 2014, 2015, 2016 e 2017.

Hai que ter en conta que a convocatoria e aboamento destas axudas se realiza unha vez finalizado o exercicio.

A maiores, temos que sinalar que o pasado 24 de xullo, o DOG publicaba a convocatoria de 2018 para axudas a organizacións de produtores pesqueiros para apoiar a preparación e aplicación dos seus plans de produción e comercialización e para a creación ou reestruturación destas organizacións e asociacións de organizacións de produtores pesqueiros.

A ambas liñas de axudas, a Consellería do Mar destina máis de 2,2 millóns de euros, cofinanciados co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

Concretamente, á liña de apoio aos plans de produción e comercialización destínanse 1,8 millóns de euros. Por outra banda, á liña de apoio á creación ou reestruturación destas organizacións e asociacións de organizacións de produtores pesqueiros destínase unha

contía de 400.000 euros. Esta última liña de axudas convócase por primeira vez ao amparo do FEMP.

Por último, hai que resaltar que Galicia foi a primeira comunidade autónoma de España que publicou a súa propia convocatoria de axudas no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) para financiar a preparación e o desenvolvemento dos plans de mellora da produción e comercialización destas OPPs.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2018 15:06:36



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 23797**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“os datos referidos ás reclamacións patrimoniais de Portos de Galicia recibidas nos anos 2016 e 2017 e a súa tramitación”**, (publicada no BOPG número 252 do 2 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar informa, en relación ao número de reclamacións patrimoniais recibidas en 2016 e 2017 sinalar o seguinte:

- Listado de Reclamacións no ano 2014: un total de 52 (todas resoltas)
- Listado de reclamacións no ano 2015: un total de 32 (todas resoltas)
- Listado de reclamacións no ano 2016: un total de 46, das cales atópanse pendentes 15.
- Listado de reclamacións no ano 2017: un total de 27, das cales atópanse pendentes 19.

Por outra banda, en canto ao motivo destas reclamacións en estado pendente, cabe sinalar que o 40% están en previsión de recepción de informe e recadación de datos, un 35% en fase de resolución e o 25% restante en tramitación para comunicación.

En canto, ao tempo medio de resolución das reclamacións, sinalar que ata 2017 resolvéronse dentro do prazo legal máximo, se ben este pode ser afectado polas propias circunstancias do servizo e as necesidades de cobertura de persoal derivadas de baixas por incapacidade e outras. .

Por último, as localizacións das reclamacións patrimoniais de Portos de Galicia recibidas en 2016 e 2017 son:

- Baiona
- Sada
- Ribadeo
- Cambados
- O Grove
- Fisterra
- Portonovo
- Vigo
- A Pobra do Caramiñal
- Viveiro
- Mugar dos
- Raxó
- Ribeira
- Pontedeume
- Bueu
- Vilaxoán
- Cangas
- Testal
- Tragove
- Burela
- O Xufre
- Santo Tomé
- O Corgo
- Aguiño
- Meloxo



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36943
Data envío: 17/09/2018 15:06:26.715

[Handwritten signature]

- Aldán
- Ares
- Maniños
- Poio
- Combarro
- Betanzos
- Malpica
- Cangas
- Vilanova de Arousa
- Cariño
- Muros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: be4968a2-f1a0-f873-d420-3c531ccdb1e0



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2018 15:06:23



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 26557**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa demora existente na execución do Plan de sinalización de bateas comprometido, os tramites que está a levar a cabo e os prazos estimados para ese fin”**, (publicada no BOPG número 269 do 1 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Portos de Galicia está a traballar de xeito permanente no plan de sinalización dos accesos aos peiraos, incluíndo os polígonos de bateas, un proxecto no que interveñen 3 administracións públicas (Portos de Galicia, Puertos del Estado e Costas) coa conseguinte complexidade para a súa tramitación.

Portos de Galicia é o encargado da elaboración dos proxectos de sinalización dos polígonos e para dar cumprimento a esta obriga ten xa elaborados os tres proxectos pilotos (zonas de Costa da Morte e ría de Noia) que teñen que ser ratificados por Puertos del Estado, o organismo supervisor de todo o proceso.

Porén, a entrada en vigor da nova Lei de Contratos o pasado mes de marzo obrigou a modificar o procedemento de contratación dos restantes, ao impedir a contratación puntual de cada un deles e obrigar a unha contratación única do conxunto do litoral. Isto xerou un retraso inicial que se veu incrementado nos últimos meses co cambio de Goberno do Estado e o conseguinte cambio dos responsables político de Puertos del Estado, cos que Portos de Galicia ten iniciado xa contactos para coordinar de novo a

tramitación deste proxecto, pero polo momento atópase á espera da posta ao día do
Goberno central nesta materia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de
Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2018 15:06:16



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita- **número 28061**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as máis, sobre **“o coñecemento por parte do Goberno galego do malestar que están a xerar entre usuarios e veciños as obras de ampliación da ponte de Rande e a suba das peaxes”**, (publicada no BOPG número 285, do 28 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A ampliación da Ponte de Rande non é de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, senón da exclusiva competencia do Goberno central, polo que todas as cuestións relacionadas con esta materia deben ser asumidas pola Administración Xeral do Estado.

A Comisión de seguimento da AP-9, entre Xunta de Galicia e Ministerio de Fomento, constituíuse co fin de tratar aqueles aspectos de interese para a Comunidade Autónoma de Galicia relacionados coa AP-9. Era no marco das reunións desta Comisión onde se trataban as diversas cuestións obxecto desta iniciativa parlamentaria. Non obstante, a pesar das solicitudes da Xunta de Galicia dirixidas ao Ministerio de Fomento para que se convoque unha nova reunión da Comisión de seguimento da AP-9, ata o momento, non houbo resposta por parte do Ministerio.

Polo que se refire ás cuestións relativas á suba das peaxes, cómpre sinalar que a día de hoxe non foi aplicada a suba de tarifas como consecuencia das obras de ampliación da AP-9, determinada no Real decreto 1733/2011 de 18 de novembro, polo que se aproba o Convenio entre a Administración Xeral do Estado e Autopistas do Atlántico, polo que se modifican determinados termos da concesión para a construción, conservación e explotación da Autopista do Atlántico AP-9 para a ampliación de capacidade de diversos tramos de dita autoestrada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2018 9:10:29



AG/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28893**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“Sobre as razóns do baixo nivel de execución orzamentaria que presentan, no ano 2017, os programas da Consellería do Mar 723A Competitividade e mellora da calidade de produción pesqueira e 723C Desenvolvemento sostible das zonas de pesca, así como a posibilidade de acadar os obxectivos fixados”**, (publicada no BOPG número 289 do 11 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Debemos sinalar que a evolución do emprego en Galicia, si temos en conta o nivel de afiliación ao Réxime Especial do Mar, mantense estable nos últimos 3 anos, cun aumento de preto de 1.200 persoas dende xaneiro de 2015 a xullo de 2018, superando a cifra dos 21.000 afiliados en marzo deste ano.

A respecto da execución dos programas 723 C e 723 A:

-Sinalar que no relativo ao programa de melloras a bordo (723 A), na convocatoria do ano 2016 destináronse 900.000 euros con 66 solicitudes presentadas, e na convocatoria de 2017, destináronse 272.000 euros, presentándose 52 peticións. Incidir en que en ambas anualidades foron atendidas absolutamente todas as peticións presentadas, que cumprían os requisitos. Para este ano, este Departamento dedicou preto de 1 millóns de euros, logo dunha ampliación de crédito.

- No tocante ao capítulo 723 C, lembrar que foi este goberno, en 2009, quen lle deu un impulso a esta área de traballo, para a diversificación e desenvolvemento das zonas costeiras, en primeiro lugar, constituíndo os Grupos de Acción Costeira (GAC), que non tiñan

sido constituídos. En segundo lugar, no período 2009/2016, este goberno foi quen aprobar os seguintes proxectos:

- PERÍODO GAC:
 - o Proxectos aprobados → 426
 - o Investimento total → 27,2 M€
- PERÍODO GALP:
 - o 301 proxectos aprobados.
 - o 19 M € de axuda de achega pública.

Neste momento, é importante sinalar que Galicia é das comunidades autónomas que máis ten avanzado neste eido.

Por outra banda, a Consellería do Mar lembra que as medias de execución orzamentaria en O e K do actual goberno están un 71% por riba das do goberno do Bipartito.

Ademais, é de vital importancia o eido formativo de cara a acadar o relevo xeracional. Esta área está blindada nos orzamentos. De feito, a Consellería do Mar aposta decididamente pola formación, por iso:

- o Este ano incrementa un 2% os fondos destinados a ensinanzas marítimo pesqueiras.
- o Nos dous últimos orzamentos acumulou unha suba do 7% no eido formativo.
- o Destina máis de 1,5 millóns de euros nos vindeiros dous anos para cursos de ensinanzas pesqueiras non regradas co obxecto de garantir o relevo xeracional no sector.
- o Amplíase a oferta formativa. Un aumento que se ve reflectido nos datos de matrículas efectuadas nos centros de ensino náutico-pesqueiro dependentes da Consellería, nos que o número de alumnos matriculados aumentou en máis dun 40% desde o ano 2009.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2018 15:06:08



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 29647**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para o levantamento do veto á tramitación da proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e das competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia, á vista da sentenza do Tribunal Constitucional referida á capacidade do Goberno central de vetar a tramitación de leis no Congreso dos Deputados ao abeiro do artigo 134 da Constitución Española”**, (publicada no BOPG número 296, do 25 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

